

***ORDE do \_\_\_ de xuño de 2026 pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2026-2027***

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia, e o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, reconécenlle á nosa comunidade autónoma as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en todos os niveis e graos, modalidades e especialidades, consonte os preceptos emanados da Constitución e das leis que lle sexan de aplicación, competencias que foron asumidas polo Decreto 114/1982, do 1 de setembro, e asignadas á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no seu artigo 2.

No marco destas competencias, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten o propósito de actualizar a cualificación dos cidadáns e das cidadás, e persegue como un dos obxectivos básicos para a formación profesional dar unha resposta puntual e axeitada ás necesidades de formación profesional provenientes do mundo produtivo.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no punto 1 do seu artigo 5 que todas as persoas deben ter a posibilidade de se formar ao longo da vida, dentro e fóra do sistema educativo, co fin de adquirir, actualizar, completar e ampliar os seus coñecementos, así como as súas capacidades, habilidades, aptitudes e competencias, para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Ademais, o artigo 5.2 establece que o sistema educativo ten como principio propiciar a educación permanente. Para tal efecto, debe preparar o alumnado para aprender por si mesmo e débelle facilitar ás persoas adultas a súa incorporación ás ensinanzas, favorecendo a conciliación da aprendizaxe coas outras responsabilidades e actividades.

Esta mesma Lei establece no seu artigo 39.2 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática e pacífica, e permitir a súa progresión no

sistema educativo, no marco da aprendizaxe ao longo da vida. Así mesmo, no artigo 39.3 desta Lei, na súa redacción modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, indícase que a formación profesional no sistema educativo abrangue os ciclos formativos de grao básico, de grao medio e de grao superior, así como os cursos de especialización. Todos eles terán unha organización modular, de duración variable, que integre os contidos teórico-prácticos adecuados aos diversos campos profesionais. Neste sentido, a devandita lei dispón na alínea 10 do artigo 3 que os ciclos de formación profesional básica serán de oferta obrigatoria e carácter gratuíto.

Así mesmo, no artigo 42.1 establece que lles corresponde ás administracións educativas, no ámbito das súas competencias, programar a oferta das ensinanzas de formación profesional.

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, declara no seu título III o carácter dual da formación profesional, incorporando unha fase de formación na empresa ou organismo equiparado, xa sexa no réxime xeral ou xa no réxime intensivo.

O Decreto 20/2026, do 9 de marzo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, configura unha oferta formativa orientada á adquisición, ao mantemento, á actualización e á ampliación das competencias profesionais das persoas, promovendo a aprendizaxe ao longo da vida e facilitando o avance nos seus itinerarios formativos e profesionais. As ofertas destas ensinanzas poderanse flexibilizar de xeito que permitan compatibilizar a formación coa actividade laboral, coas cargas familiares ou con outras circunstancias persoais, respondendo así ás necesidades e aos intereses das persoas. Para isto, estas ensinanzas poderanse ofrecer de forma completa ou parcial, mediante os distintos réximes e modalidades.

O artigo 7 do Decreto 20/2026, do 9 de marzo, configura a oferta modular como unha modalidade de organización das ensinanzas de formación profesional mediante módulos profesionais independentes, agrupacións ou bloques de formación e unidades formativas de menor duración, que mesmo poderá concentrarse en determinados períodos do ano. Así mesmo, prevé a posibilidade de establecer ofertas flexibles e especializadas para atender as necesidades de cualificación e recualificación profesional das persoas, facilitar a formación ao longo da vida e dar

resposta ás demandas dos distintos sectores produtivos.

Por esta razón a consellería establece unha oferta de ciclos formativos de xeito parcial, por módulos, xa que facilita a cualificación profesional, ofrecendo a posibilidade de abordar a realización dun ciclo formativo con máis flexibilidade, e permitindo dar resposta ás demandas que suscitan o mercado laboral e os colectivos específicos.

Neste marco, e coa finalidade de facilitar que as persoas obteñan unha cualificación profesional nun curto período de tempo que lles permita acceder ao emprego nos sectores estratéxicos e con maior demanda de persoal cualificado en Galicia, e que, ao mesmo tempo, poidan acumular a formación adquirida para continuar o seu itinerario formativo e obter posteriormente unha titulación de formación profesional, a consellería continúa impulsando a formación profesional acelerada para o curso 2026-2027. Esta oferta caracterízase por unha organización intensiva da formación, combinando a aprendizaxe desenvolvida no centro educativo coa formación na empresa ou organismo equiparado, favorecendo tanto a rápida incorporación ao mercado laboral como a actualización e a ampliación das competencias profesionais ao longo da vida.

No ámbito da internacionalización da formación profesional, o Decreto 20/2026 impulsa o desenvolvemento de currículos de carácter internacional e doutras actuacións orientadas a reforzar a dimensión internacional destas ensinanzas. Neste contexto, a oferta para o curso académico 2026-2027 incorpora ciclos formativos con compoñentes curriculares de carácter internacional, o que constitúe unha dobre titulación internacional de formación profesional e favorece a adquisición de competencias profesionais recoñecidas en ámbitos produtivos de proxección internacional.

Así mesmo, o Decreto 20/2026 prevé a organización flexible das ofertas de formación profesional mediante diferentes modalidades, réximes e organizacións modulares, facilitando o acceso á formación ao longo da vida e a adaptación ás necesidades dos distintos colectivos destinatarios. Pola súa parte, o artigo 20 do citado decreto regula os programas formativos dirixidos ás persoas con necesidades educativas especiais e a colectivos con necesidades específicas de apoio educativo, que poderán incluír ámbitos e módulos profesionais dun título de grao básico, así

como outra formación adaptada ás súas necesidades, organizada mediante unha estrutura modular e podendo ter carácter acumulable para a obtención do correspondente título de grao básico nos termos previstos na normativa vixente.

Con base no anterior, para o curso 2026-2027 amplíase a oferta de formación profesional básica para persoas adultas, co obxectivo de favorecer a súa cualificación profesional e inserción laboral, así como os programas formativos adaptados dirixidos a persoas que requiran unha atención educativa diferente da ordinaria, facilitando a continuidade dos seus itinerarios formativos e profesionais.

A disposición adicional primeira do Decreto 20/2026, do 9 de marzo, establece que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas ou organismos equiparados e coas entidades empresariais, especialmente coas vinculadas aos sectores estratéxicos e emerxentes da economía galega. Esta colaboración ten por finalidade, entre outras, facilitar a realización da formación na empresa ou organismo equiparado, impartir módulos profesionais nas instalacións das empresas co fin de garantir que a formación se desenvolva cos equipamentos máis actuais, favorecer a actualización profesional do profesorado e das persoas traballadoras, e impulsar proxectos conxuntos de innovación, investigación e emprendemento.

Neste contexto, a necesidade de manter en todo momento actualizada a oferta educativa dos centros xustifica a súa revisión periódica. Xa que logo, para unha resposta máis axeitada aos cambios que se produzan, é aconsellable que a autorización dos ciclos formativos de xeito modular se realice para cada ano académico.

O Fondo Social Europeo poderá cofinanciar nun 60 % os ciclos formativos de grao medio, grao superior e cursos de especialización, no marco do programa operativo FSE Galicia 2021-2027, obxectivo político 4 "unha Europa máis social e inclusiva", por medio da aplicación do Piar Europeo de Dereitos Sociais, Prioridade 3 "Educación e Formación". Así mesmo, o Fondo Social Europeo poderá cofinanciar nun 100 % os ciclos formativos de grao medio, grao superior e cursos de especialización, no marco do programa operativo FSE Galicia 2021-2027, obxectivo político 4 "unha Europa máis social e inclusiva", por medio da aplicación do Piar Europeo de Dereitos Sociais, Prioridade 9 "desenvolvemento de capacidades e cualificacións relacionadas coa

plataforma de tecnoloxías estratéxicas para a Unión Europea (STEP)“.

De acordo coas competencias que ten conferidas esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DISPOÑO:

*Artigo 1. Actualización da oferta*

1. Actualízase a oferta educativa de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2026-2027, coas ensinanzas que se relacionan nos anexos desta orde:

- a) Anexo I: Ciclos formativos, cursos de especialización e programas formativos.
- b) Anexo II: Formación acelerada.
- c) Anexo III: FP básica destinada a persoas adultas.
- d) Anexo IV: FP básica adaptada.

2. A relación de módulos autorizados para cada unha das ensinanzas que figuran nos anexos desta orde como oferta modular polo réxime intensivo será a que figure nos programas formativos establecidos entre o centro educativo e a empresa ou organismo equiparado.

3. A relación de módulos autorizados para cada unha das ensinanzas que figuran nos anexos desta orde como oferta modular polo réxime xeral, modalidades presencial ou semipresencial e a distancia, será a que figure na aplicación informática de admisión ás ensinanzas de formación profesional e no portal educativo.

*Artigo 2. Número mínimo de solicitudes*

1. Na modalidade presencial, requírese un número mínimo de doce solicitudes de matrícula admitidas de primeira opción por cada centro educativo nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e de oito solicitudes en cada centro do resto de Galicia, para cada un dos ciclos formativos de grao profesional básico, grao medio e grao superior, no prazo ordinario de presentación de solicitudes.

Nas modalidades semipresencial e a distancia a autorización quedará condicionada a que exista un número mínimo de vinte solicitudes de matrícula no módulo

correspondente.

2. Nos cursos de especialización esíxese un mínimo de doce solicitudes de matrícula admitidas de primeira opción por cada centro educativo no prazo ordinario de presentación de solicitudes.

En todos os casos, un número menor de solicitudes require a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional para pór en funcionamento esta ensinanza, e mentres que non se dispoña desta autorización non se poderá formalizar ningunha matrícula. A condición do número mínimo de alumnado débeseles comunicar ás persoas interesadas no momento da súa solicitude de admisión.

3. No caso de que un centro teña autorizado máis dun grupo no mesmo tipo de oferta e modalidade, seralle de aplicación a cada un dos grupos o número mínimo ao que se fai referencia nas alíneas anteriores deste artigo. O centro terá que cubrir o total de prazas dun grupo antes de pór en funcionamento o segundo grupo.

#### *Artigo 3. Admisión e matrícula*

As instrucións e as datas relativas ao proceso de admisión e matrícula para o curso 2026-2027 serán as establecidas no calendario xeral de admisión ás ensinanzas de formación profesional publicado pola Dirección Xeral de Formación Profesional no portal educativo na seguinte ligazón: [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp)

#### *Artigo 4. Alumnado admitido nun curso de especialización*

O alumnado admitido por primeira vez nun curso de especialización deberá matricularse en todos os módulos que o compoñen.

#### *Artigo 5. Itinerario formativo de ciclo de grao básico e de grao medio*

1. Establécese o itinerario formativo en Cociña en Restauración integrado polo ciclo de grao básico en Cociña e Restauración e os ciclos de grao medio de Cociña e Gastronomía ou de Servizos en Restauración no CIFP Compostela.

2. O alumnado que se matricule no ciclo de grao básico Cociña e Restauración no CIFP Compostela de Santiago de Compostela, unha vez que remate esta ensinanza terá praza garantida nun dos ciclos medios indicados anteriormente no CIFP Compostela.

Disposición adicional primeira. *Formación acelerada*

1. A formación acelerada é un bloque coherente de formación de módulos profesionais que dan lugar, polo menos, a unha certificación académica e profesional nun curto período de tempo.
2. A matrícula realizarase para o conxunto de módulos que forman o bloque de formación.
3. Para acceder á formación acelerada será preciso:
  - a) Ser maior de idade ou facer os 18 anos no ano 2026.
  - b) Dispor dos requisitos de acceso aos ciclos de grao básico, medio ou superior, segundo corresponda co nivel das ensinanzas realizadas.

Disposición adicional segunda. *Acceso á formación profesional básica para persoas adultas*

Para acceder á formación profesional básica destinada a persoas adultas será preciso cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade ou facer os 18 anos no ano 2026.
- b) Non estar en posesión do título da educación secundaria obrigatoria ou do título de técnico básico ou equivalente.

Disposición adicional terceira. *Formación profesional adaptada para persoas adultas*

1. Para acceder á formación profesional básica adaptada será preciso cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade ou facer os 18 anos no ano 2026.
- b) Non estar en posesión do título da educación secundaria obrigatoria ou do título de técnico básico ou equivalente.
- c) Non ter cursado con aproveitamento un programa formativo de grao básico ou un certificado profesional.
- d) Non estar matriculado no curso 2026-2027 en ningunha outra ensinanza.
- e) Contar cun informe do equipo de orientación do centro educativo no que se constata que a alumna ou o alumno pode cursar a formación profesional básica

con aproveitamento. Para tal fin, este alumnado deberá facilitar a información que lle sexa requirida polo departamento e, de ser necesario, acudir a unha entrevista persoal.

2. As persoas matriculadas e que non superen a formación establecida poderán repetila unha soa vez.

Disposición adicional cuarta. *Módulo de Formación en centros de traballo*

No caso do alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de Formación en centros de traballo (FCT) e, de ser o caso, o módulo de Proxecto, dos títulos para extinguir establecidos ao abeiro da Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación, entenderase a presentación da solicitude para a realización dos devanditos módulos profesionais como formalización de matrícula, para os efectos de tramitación dos correspondentes convenios para o desenvolvemento do devandito módulo.

Disposición adicional quinta. *Número mínimo de solicitudes nas ensinanzas concertadas*

O disposto no artigo 2 desta orde tamén será de aplicación nos centros privados nas ensinanzas de formación profesional concertadas coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Disposición adicional sexta. *Ampliación da oferta da oferta modular coas prazas vacantes da oferta ordinaria.*

1. Logo de finalizadas as correspondentes fases de admisión e matrícula da oferta ordinaria de ciclos de grao medio e de grao superior, os módulos que aínda teñan prazas vacantes poderán ser ofrecidos en oferta modular.

2. Para estes efectos, amplíase a oferta modular de ciclos formativos de formación profesional, en todos os centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan autorizada a oferta ordinaria para o ano académico 2026-2027.

Disposición adicional sétima. *Ordenación e proceso de admisión na formación profesional dual intensiva*

Aos ciclos formativos de formación profesional dual intensiva autorizados nesta orde seralles de aplicación o proceso de admisión establecido na Orde do 14 de xuño de

2018 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades, coas seguintes excepcións:

1. O contido do artigo 2.a) da devandita orde, relativo aos requisitos das persoas solicitantes, modifícase e queda redactado como segue: «Ter dezoito anos ou facelos no ano natural de inicio do ciclo formativo».

2. O alumnado menor de dezoito anos e que teña dezaseis anos no momento de incorporación á empresa poderase matricular nos ciclos de formación profesional dual intensiva nos que, logo de rematado o período ordinario de matriculación no proceso de admisión a estas ensinanzas, queden prazas vacantes e, por tanto, non exista listaxe de espera. Para isto, a empresa que participa na súa selección asinará un documento no que manifieste que é coñecedora da idade do alumno ou alumna.

3. As datas relativas ao proceso de admisión para o curso 2026-2027 serán as establecidas para os proxectos de formación profesional dual intensiva dentro do calendario xeral de admisión a ciclos formativos de formación profesional publicado pola Dirección Xeral de Formación Profesional. Neste calendario estarán fixadas as datas do prazo de solicitudes, publicación das listaxes de persoas solicitantes, períodos de reclamación, período de selección do alumnado pola entidade colaboradora, listaxe de persoas admitidas e en espera, e datas de matrícula para as persoas seleccionadas.

*Disposición adicional oitava. Criterios de desempate*

Para o sorteo ao que fan referencia os artigos 10, 11, 12 e 13 da Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior empregárase como criterio de ordenación os últimos cinco díxitos numéricos do documento oficial de identificación persoal (DOI).

*Disposición adicional novena. Resolución do procedemento de admisión de solicitantes ao segundo curso dos ciclos formativos de oferta ordinaria*

O alumnado que repita o segundo curso por primeira vez no mesmo centro e ciclo da oferta ordinaria no curso académico seguinte terá a praza garantida e deberá

formalizar a súa matrícula coincidindo co período de matriculación relativo á primeira adxudicación de prazas. Igual reserva de praza terá o alumnado que se promova no mesmo centro ao segundo curso para o ano académico seguinte.

Para o alumnado que desexa acceder ao segundo curso en condicións distintas ás do parágrafo anterior modifícase a Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior, nos seguintes puntos:

- a) Modificación do terceiro parágrafo do artigo 16.3 onde di "Certificación académica do centro de orixe, onde conste explicitamente que se cumpran os criterios de promoción ao segundo curso. Tamén deberá constar a baremación da nota de acceso ao ciclo. En caso de non existir, deberá ser baremado novamente polo centro en que solicite a praza, para o cal deberá xuntar a documentación á cal se fai referencia no artigo 15"; queda redactado como segue: "Certificación académica do centro de orixe coas cualificacións dos módulos que corresponden ao primeiro curso e onde conste explicitamente que se cumpren os criterios de promoción ao segundo curso".
- b) Modificación do artigo 19.1 onde di "1. Logo de finalizado o prazo ordinario de presentación de solicitudes de admisión e analizada a documentación presentada con estas, a dirección de cada centro docente público ou quen exerza a titularidade dos centros privados concertados publicarán no taboleiro de anuncios do centro educativo a relación provisoria de solicitantes, con indicación de todas as circunstancias que acrediten o cumprimento dos requisitos de acceso e criterios de prioridade. Esta publicación realizarase no prazo máximo de catro días hábiles desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes"; queda redactado como segue: "1. Logo de finalizado o prazo ordinario de presentación de solicitudes de admisión e analizada a documentación presentada con estas, a dirección de cada centro docente público ou quen exerza a titularidade dos centros privados concertados publicarán no taboleiro de anuncios do centro educativo a relación provisoria de solicitantes ordenados pola nota media dos módulos de primeiro curso. Esta publicación realizarase no prazo máximo de catro días hábiles desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes".

- c) Modificación do artigo 19.3 onde di "3. A dirección do centro docente público e quen exerza a titularidade dos privados concertados publicarán no taboleiro de anuncios do centro a resolución definitiva coa relación de alumnado admitido e excluído, na cal se recollerán os requisitos de acceso e os criterios de prioridade que correspondan. A citada resolución servirá de notificación ás persoas interesadas e exporase no taboleiro de anuncios do centro correspondente"; queda redactado como segue: "3. A dirección do centro docente público e quen exerza a titularidade dos privados concertados publicarán no taboleiro de anuncios do centro a resolución definitiva coa relación de alumnado admitido e excluído ordenado pola nota media dos módulos de primeiro curso. A citada resolución servirá de notificación ás persoas interesadas e exporase no taboleiro de anuncios do centro correspondente".

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e a Secretaría Xeral Técnica para adoptaren todas as medidas e os actos necesarios para a aplicación desta orde.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

## Anexo I

### Ciclos formativos, cursos de especialización e programas formativos autorizados para o curso 2026-2027

#### A Coruña

Ames								
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade
15027721	IES Plurilingüe de Ames	Ciclo formativo	Básico	D1AGA001100	Agroxardinaria e composicións florais	Ordinaria	Xeral	Presencial
15027721	IES Plurilingüe de Ames	Ciclo formativo	Básico	D1IMP001100	Peiteado e estética	Ordinaria	Xeral	Presencial
15027721	IES Plurilingüe de Ames	Ciclo formativo	Medio	D2IFC000100	Sistemas microinformáticos e redes	Ordinaria	Xeral	Presencial
Arteixo								
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade
15023314	IES de Sabón	Ciclo formativo	Básico	D1ELE001100	Electricidade e electrónica	Ordinaria	Xeral	Presencial
15023314	IES de Sabón	Ciclo formativo	Básico	D1HOT001100	Cociña e restauración	Ordinaria	Xeral	Presencial
15023314	IES de Sabón	Ciclo formativo	Básico	D1HOT001300	Actividades de panadería e pastelería	Ordinaria	Xeral	Presencial
15023314	IES de Sabón	Ciclo formativo	Medio	D2ADG000100	Xestión administrativa	Ordinaria	Xeral	Presencial
15023314	IES de Sabón	Ciclo formativo	Medio	D2AFD000200	Guía no medio natural e de tempo libre	Ordinaria	Xeral	Presencial
15023314	IES de Sabón	Ciclo formativo	Medio	D2ELE000100	Instalacións eléctricas e automáticas	Ordinaria	Xeral	Presencial
15023314	IES de Sabón	Ciclo formativo	Superior	D3ADG000100	Administración e finanzas	Ordinaria	Xeral	Presencial
Arzúa								
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade
15027733	IES de Arzúa	Ciclo formativo	Básico	D1ADG001100	Servizos administrativos	Ordinaria	Xeral	Presencial
15027733	IES de Arzúa	Ciclo formativo	Básico	D1AGA001100	Agroxardinaria e composicións florais	Ordinaria	Xeral	Presencial
15027733	IES de Arzúa	Ciclo formativo	Medio	D2ADG000100	Xestión administrativa	Modular	Intensiva	Presencial
15027733	IES de Arzúa	Ciclo formativo	Medio	D2AGA000400	Aproveitamento e conservación do medio natural	Ordinaria	Xeral	Presencial
15027733	IES de Arzúa	Ciclo formativo	Medio	D2AGACP0100	Produción agroecolóxica e oferta parcial de Producción agropecuaria	Modular	Intensiva	Presencial
15027733	IES de Arzúa	Ciclo formativo	Superior	D3ADG000100	Administración e finanzas	Ordinaria	Xeral	Presencial
15027733	IES de Arzúa	Ciclo formativo	Superior	D3AGA000100	Xestión forestal e do medio natural	Ordinaria	Xeral	Presencial
15027733	IES de Arzúa	Ciclo formativo	Superior	D3AGA000100	Xestión forestal e do medio natural	Modular	Intensiva	Presencial
15027733	IES de Arzúa	Ciclo formativo	Superior	D3AGA000200	Paisaxismo e medio rural	Modular	Intensiva	Presencial
Bergondo								
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade
15001033	CFEA de Guísamo	Ciclo formativo	Medio	D2AGA000300	Xardinaria e floraría	Ordinaria	Xeral	Presencial
15001033	CFEA de Guísamo	Ciclo formativo	Medio	D2AGA000300	Xardinaria e floraría	Modular completa	Xeral	Semi. / dist.
15001033	CFEA de Guísamo	Ciclo formativo	Superior	D3AGA000200	Paisaxismo e medio rural	Ordinaria	Xeral	Presencial
15001033	CFEA de Guísamo	Ciclo formativo	Superior	D3AGA000200	Paisaxismo e medio rural	Modular completa	Xeral	Semi. / dist.
15001033	CFEA de Guísamo	Curso especialización	Medio	E2AGA000100	Floraría e arte floral	Ordinaria	Xeral	Presencial

<b>Betanzos</b>									
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade	
15001148	IES As Mariñas	Ciclo formativo	Básico	D1ADG001100	Servizos administrativos	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15001148	IES As Mariñas	Ciclo formativo	Básico	D1TMV001100	Mantemento de vehículos	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15001148	IES As Mariñas	Ciclo formativo	Medio	D2ADG000100	Xestión administrativa	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15001148	IES As Mariñas	Ciclo formativo	Medio	D2ELE000100	Instalacións eléctricas e automáticas	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15001148	IES As Mariñas	Ciclo formativo	Medio	D2ELE000100	Instalacións eléctricas e automáticas	Modular	Intensiva	Presencial	
15001148	IES As Mariñas	Ciclo formativo	Medio	D2TMV000200	Electromecánica de vehículos automóbiles	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15001148	IES As Mariñas	Ciclo formativo	Superior	D3ADG000100	Administración e finanzas	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15001148	IES As Mariñas	Ciclo formativo	Superior	D3ELE000100	Sistemas electrotécnicos e automatizados	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15001148	IES As Mariñas	Ciclo formativo	Superior	D3TMV000100	Automoción	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15001136	IES Francisco Aguiar	Ciclo formativo	Superior	D3COM000400	Márketing e publicidade	Ordinaria	Xeral	Presencial	
<b>Boiro</b>									
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade	
15026698	IES Espiñeira	Ciclo formativo	Básico	D1IFC001100	Informática e comunicacións	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15026698	IES Espiñeira	Ciclo formativo	Medio	D2ADG000100	Xestión administrativa	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15026698	IES Espiñeira	Ciclo formativo	Medio	D2ELE000200	Instalacións de telecomunicacións	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15026698	IES Espiñeira	Ciclo formativo	Superior	D3ADG000100	Administración e finanzas	Ordinaria	Xeral	Presencial	
<b>Boqueixón</b>									
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade	
15013254	CFEA de Sergude	Ciclo formativo	Medio	D2AGA000200	Produción agropecuaria	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15013254	CFEA de Sergude	Ciclo formativo	Medio	D2AGA000400	Aproveitamento e conservación do medio natural	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15013254	CFEA de Sergude	Ciclo formativo	Superior	D3AGA000300	Gandaría e asistencia en sanidade animal	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15013254	CFEA de Sergude	Ciclo formativo	Superior	D3AGA000300	Gandaría e asistencia en sanidade animal	Modular	Intensiva	Presencial	
<b>Cambre</b>									
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade	
15027873	IES Afonso X O Sabio	Ciclo formativo	Básico	D1IFC001200	Informática de oficina	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027873	IES Afonso X O Sabio	Ciclo formativo	Medio	D2ADG000100	Xestión administrativa	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027873	IES Afonso X O Sabio	Ciclo formativo	Medio	D2IFC000100	Sistemas microinformáticos e redes	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027873	IES Afonso X O Sabio	Ciclo formativo	Superior	D3ADG000100	Administración e finanzas	Ordinaria	Xeral	Presencial	
<b>Carballo</b>									
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade	
15002581	IES Alfredo Brañas	Ciclo formativo	Superior	D3COM000200	Comercio internacional	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027307	IES Isidro Parga Pondal	Ciclo formativo	Superior	D3IFC000100	Administración de sistemas informáticos en rede	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15002591	IES Monte Neme	Ciclo formativo	Básico	D1ELE001100	Electricidade e electrónica	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15002591	IES Monte Neme	Ciclo formativo	Básico	D1FME001100	Fabricación e montaxe	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15002591	IES Monte Neme	Ciclo formativo	Básico	D1HOT001100	Cociña e restauración	Modular	Intensiva	Presencial	
15002591	IES Monte Neme	Ciclo formativo	Medio	D2ADG000100	Xestión administrativa	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15002591	IES Monte Neme	Ciclo formativo	Medio	D2ELE000100	Instalacións eléctricas e automáticas	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15002591	IES Monte Neme	Ciclo formativo	Medio	D2ELE000200	Instalacións de telecomunicacións	Ordinaria	Xeral	Presencial	

<b>Carballo</b>									
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade	
15002591	IES Monte Neme	Ciclo formativo	Medio	D2FME000100	Mecanizado	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15002591	IES Monte Neme	Ciclo formativo	Medio	D2FME000200	Soldadura e caldeiraría	Modular	Intensiva	Presencial	
15002591	IES Monte Neme	Ciclo formativo	Superior	D3ADG000100	Administración e finanzas	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15002591	IES Monte Neme	Ciclo formativo	Superior	D3ELE000200	Sistemas de telecomunicacións e informáticos	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15002591	IES Monte Neme	Ciclo formativo	Superior	D3IMA000300	Mecatrónica industrial	Modular	Intensiva	Presencial	
<b>Cariño</b>									
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade	
15021755	IES Cabo Ortegal	Ciclo formativo	Medio	D2IFC000100	Sistemas microinformáticos e redes	Modular parcial	Xeral	Presencial	
<b>Carral</b>									
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade	
15032923	IES de Carral	Ciclo formativo	Básico	D1TMV001100	Mantemento de vehículos	Ordinaria	Xeral	Presencial	
<b>Cedeira</b>									
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade	
15026376	IES Punta Candieira	Ciclo formativo	Básico	D1COM001100	Servizos comerciais	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15026376	IES Punta Candieira	Ciclo formativo	Básico	D1ELE001100	Electricidade e electrónica	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15026376	IES Punta Candieira	Ciclo formativo	Medio	D2ELE000100	Instalacións eléctricas e automáticas	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15026376	IES Punta Candieira	Ciclo formativo	Medio	D2IMA000300	Mantemento electromecánico	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15026376	IES Punta Candieira	Ciclo formativo	Superior	D3ADG000100	Administración e finanzas	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15026376	IES Punta Candieira	Ciclo formativo	Superior	D3ELE000100	Sistemas electrotécnicos e automatizados	Modular parcial	Xeral	Presencial	
15026376	IES Punta Candieira	Ciclo formativo	Superior	D3IMA000300	Mecatrónica industrial	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15026376	IES Punta Candieira	Curso especialización	Superior	E3IMA005000	Dixitalización do mantemento industrial	Ordinaria	Xeral	Presencial	
<b>Cee</b>									
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade	
15003212	IES Agra de Raíces	Ciclo formativo	Medio	M19001	Coidados auxiliares de enfermaría	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15003212	IES Agra de Raíces	Ciclo formativo	Superior	D3SAN000900	Hixiene bucodental	Modular	Intensiva	Presencial	
15003224	IES Fernando Blanco	Ciclo formativo	Básico	D1ELE001100	Electricidade e electrónica	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15003224	IES Fernando Blanco	Ciclo formativo	Básico	D1TMV001100	Mantemento de vehículos	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15003224	IES Fernando Blanco	Ciclo formativo	Medio	D2ADG000100	Xestión administrativa	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15003224	IES Fernando Blanco	Ciclo formativo	Medio	D2ELE000100	Instalacións eléctricas e automáticas	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15003224	IES Fernando Blanco	Ciclo formativo	Medio	D2FME000200	Soldadura e caldeiraría	Modular	Intensiva	Presencial	
15003224	IES Fernando Blanco	Ciclo formativo	Medio	D2IMA000300	Mantemento electromecánico	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15003224	IES Fernando Blanco	Ciclo formativo	Medio	D2TMV000200	Electromecánica de vehículos automóbiles	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15003224	IES Fernando Blanco	Ciclo formativo	Superior	D3ADG000100	Administración e finanzas	Ordinaria	Xeral	Presencial	
<b>Coruña, A</b>									
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade	
15005385	CEE María Mariño	Prog. formativo	Básico	P1AGA046100	PFB de Xardinaria e viveirismo	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15005385	CEE María Mariño	Prog. formativo	Básico	P1ARG046000	PFB de Reprografía	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15005385	CEE María Mariño	Prog. formativo	Básico	P1HOT046100	PFB de Cociña	Ordinaria	Xeral	Presencial	

Coruña, A									
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade	
15005385	CEE María Mariño	Prog. formativo	Básico	P1HOT046200	PFB de Lavandaría	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15005336	CEE Nosa Señora do Rosario	Prog. formativo	Básico	P1IMP046000	PFB de Peiteado	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15005336	CEE Nosa Señora do Rosario	Prog. formativo	Básico	P1IMP046100	PFB de Estética	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15005336	CEE Nosa Señora do Rosario	Prog. formativo	Básico	P1SSC046000	PFB de Limpeza de edificios	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15005336	CEE Nosa Señora do Rosario	Prog. formativo	Básico	P1SSC046100	PFB de Actividades domésticas	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Medio	D2SAN000100	Emerxencias sanitarias	Modular completa	Xeral	Semi. / dist.	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Medio	D2SAN000100	Emerxencias sanitarias	Modular completa	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Medio	D2SAN000200	Farmacia e parafarmacia	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Medio	D2SAN000200	Farmacia e parafarmacia	Modular completa	Xeral	Semi. / dist.	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Medio	D2SSC000100	Atención a persoas en situación de dependencia	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Medio	D2SSC000100	Atención a persoas en situación de dependencia	Modular completa	Xeral	Semi. / dist.	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Medio	M19001	Coidados auxiliares de enfermaría	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Medio	M19001	Coidados auxiliares de enfermaría	Modular completa	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SAN000100	Audioloxía protésica	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SAN000200	Próteses dentais	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SAN000400	Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SAN000400	Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear	Modular	Intensiva	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SAN000500	Laboratorio clínico e biomédico	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SAN000500	Laboratorio clínico e biomédico	Modular completa	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SAN000600	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SAN000700	Radioterapia e dosimetría	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SAN000800	Documentación e administración sanitarias	Modular completa	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SAN000900	Hixiene bucodental	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SAN000900	Hixiene bucodental	Modular completa	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SEA000400	Química e saúde ambiental	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SEA000400	Química e saúde ambiental	Modular	Intensiva	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SSC000100	Educación infantil	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SSC000100	Educación infantil	Modular completa	Xeral	Semi. / dist.	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SSC000200	Integración social	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SSC000200	Integración social	Modular completa	Xeral	Semi. / dist.	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SSC000300	Animación sociocultural e turística	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SSC000400	Mediación comunicativa	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SSC000400	Mediación comunicativa	Modular completa	Xeral	Semi. / dist.	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	D3SSC000500	Promoción de igualdade de xénero	Modular completa	Xeral	Semi. / dist.	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	S19003	Dietética	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Ciclo formativo	Superior	S19003	Dietética	Modular completa	Xeral	Semi. / dist.	
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Curso especialización	Superior	E3QUI005000	Cultivos celulares	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027800	CIFP Imaxe e Son	Ciclo formativo	Superior	D3IMS000100	Produción de audiovisuais e espectáculos	Ordinaria	Xeral	Presencial	

Coruña, A									
Código	Centro	Tipo ensinanza	Grao	Código	Ensinanza	Tipo oferta	Réxime	Modalidade	
15027800	CIFP Imaxe e Son	Ciclo formativo	Superior	D3IMS000100	Produción de audiovisuais e espectáculos	Modular completa	Xeral	Semi. / dist.	
15027800	CIFP Imaxe e Son	Ciclo formativo	Superior	D3IMS000200	Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027800	CIFP Imaxe e Son	Ciclo formativo	Superior	D3IMS000200	Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos	Modular parcial	Xeral	Presencial	
15027800	CIFP Imaxe e Son	Ciclo formativo	Superior	D3IMS000300	Animacións 3D, xogos e contornos interactivos	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027800	CIFP Imaxe e Son	Ciclo formativo	Superior	D3IMS000300	Animacións 3D, xogos e contornos interactivos	Modular completa	Xeral	Semi. / dist.	
15027800	CIFP Imaxe e Son	Ciclo formativo	Superior	D3IMS000300	Animacións 3D, xogos e contornos interactivos	Modular parcial	Xeral	Presencial	
15027800	CIFP Imaxe e Son	Ciclo formativo	Superior	D3IMS000400	Son para audiovisuais e espectáculos	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027800	CIFP Imaxe e Son	Ciclo formativo	Superior	D3IMS000400	Son para audiovisuais e espectáculos	Modular parcial	Xeral	Presencial	
15027800	CIFP Imaxe e Son	Ciclo formativo	Superior	D3IMS000500	Iluminación, captación e tratamento de imaxe	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027800	CIFP Imaxe e Son	Ciclo formativo	Superior	D3IMS000500	Iluminación, captación e tratamento de imaxe	Modular parcial	Xeral	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Básico	D1HOT001200	Aloxamento e lavandería	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Básico	D1TCP001100	Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Básico	D1TCP001200	Tapizaría e cortinaxe	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Medio	D2HOT000100	Cociña e gastronomía	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Medio	D2HOT000100	Cociña e gastronomía	Modular completa	Xeral	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Medio	D2HOT000200	Servizos en restauración	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Medio	D2INA000100	Panadaría, repostaría e confeitaría	Modular completa	Xeral	Semi. / dist.	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Medio	D2INA000100	Panadaría, repostaría e confeitaría	Modular	Intensiva	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Medio	D2INA000300	Elaboración de produtos alimentarios	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Medio	D2INA000300	Elaboración de produtos alimentarios	Modular	Intensiva	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Medio	D2TCP000100	Confección e moda	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Medio	D2TCP000100	Confección e moda	Modular	Intensiva	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Superior	D3HOT000100	Xestión de aloxamentos turísticos	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Superior	D3HOT000400	Dirección de cociña	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Superior	D3HOT000400	Dirección de cociña	Modular	Intensiva	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Superior	D3HOT000500	Dirección de servizos de restauración	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Superior	D3HOT000500	Dirección de servizos de restauración	Modular completa	Xeral	Semi. / dist.	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Superior	D3HOT000500	Dirección de servizos de restauración	Modular	Intensiva	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Superior	D3INA000200	Procesos e calidade na industria alimentaria	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Superior	D3TCP000100	Patronaxe e moda	Ordinaria	Xeral	Presencial	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Superior	D3TCP000100	Patronaxe e moda	Modular completa	Xeral	Semi. / dist.	
15027897	CIFP Paseo das Pontes	Ciclo formativo	Superior	D3TCP000300	Vestuario á medida e de espectáculos	Ordinaria	Xeral	Presencial	
